

Nota informativa conferencia

A programación dos próximos fondos estruturais 21-27 e os recursos de REACT-EU 20-22	
"Galicia na recuperación económica da UE"	
Data	30/09/2020
Lugar	Virtual
Organizadores	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Economía, Empresa e Innovación - Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) - Dirección xeral de Enerxía e Minas e Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) - Axencia Galega de Innovación (GAIN) - Dirección xeral de Calidade ambiental e Cambio Climático - Dirección xeral de Planificación e Orzamentos
Oradores	Enrico Marescotti (<i>Desk Officer para Galicia na Dirección Xeral de Política Rexional (DG REGIO)</i>) Marian Raduta (<i>Coordinador para España en la Dirección General de Política Regional (DG REGIO)</i>)
Documentación	FGE

CONTEXTO

A **Fundación Galicia Europa** organizou o terceiro encontro virtual do ciclo "**Galicia na recuperación económica europea**", unha reunión dirixida aos técnicos da administración, representantes das consellerías e especialistas en innovación, infraestruturas e mobilidade, entre outros, que serviu para abordar os elementos básicos da nova xeración de fondos da política rexional que estarán dispoñibles a curto e longo prazo.

EXPOSICIÓN DA COMISIÓN EUROPEA

Representantes de dez departamentos da Xunta de Galicia asistiron hoxe ao terceiro encontro virtual organizado pola Fundación Galicia Europa (FGE) sobre o papel de Galicia no marco da recuperación económica europea. Nesta ocasión, a FGE invitou a dous técnicos da unidade da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea para abordar a programación dos fondos estruturais contemplados no Marco Financeiro Plurianual 21-27 e os recursos do novo instrumento REACT-EU 20-22, concibido para dar unha resposta inmediata á crise.

Apoio dos fondos europeos a curto, medio e longo prazo

Os relatores fixeron especial fincapé nos diferentes obxectivos dos fondos: mentres que REACT-EU se centrará na reactivación inmediata da economía, apoiando a sectores moi afectados pola crise como a sanidade, o turismo ou a cultura, os fondos 21-27 deberán apoiar estratexias a máis longo prazo en consonancia con cinco obxectivos políticos referidos a innovación, transición ecolóxica, conexión dixital, inclusión social e

desenvolvemento urbano. Pola súa parte, o novo Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, peza central do Plan de Recuperación para Europa acordado en xullo, ten por obxectivo apoiar a inversión a medio prazo nas reformas aconselladas pola UE para sentar as bases da recuperación económica dos Estados membros.

A política de cohesión dentro do MFP 21-27

Asignarase á política de cohesión un total de 330.000 millóns de euros para distribuír entre os distintos Estados membros, aos cales engádense un total de 47.500 millóns do REACT-EU. Tras a decisión sobre o orzamento comunitario tomada en xullo polos xefes de Estado e de Goberno da UE, España recibirá 35 376 M € da política de cohesión 21-27 a prezos correntes (23 540 de FEDER, 11 153 de FSE e 683 de Cooperación Territorial Europea máis parte do Fondo de Transición Xusta) e uns 12.000 millóns de REACT-EU. No primeiro caso, os recursos canalizaranse a través de novos programas 21-27 mentres que, no segundo, farase a través dos programas existentes 14-20, que se estenderán ata o ano 22.

Mapa de elixibilidade da política rexional en España



**Carta elegibilidade ES
2021-2027
PIB/habitante: media
2015-2016-2017**

Galicia

**2015: 82%
2016: 82%
2017: 83%**



A Comisión propuxo **5 obxectivos políticos para o período 21-27**, os cales están baseados nas prioridades da UE: 1. *Unha Europa máis intelixente*, 2. *unha Europa máis verde e baixa en carbono*, 3. *unha Europa máis conectada*, 4. *unha Europa máis social baseada no pilar europeo de dereitos sociais* e 5. *unha Europa máis próxima os cidadáns*, e dous obxectivos horizontais: o desenvolvemento de capacidades administrativas e a cooperación transfronteiriza e entre rexións. Tamén se tratou os

límites máximos da contribución da UE, que para Galicia será dun 60%, como o resto das rexións na categoría de transición (cun PIB entre o 75 e o 100% da renda media comunitaria): o 40% para o obxectivo 1 e 30% para o obxectivo 2. O 6% do orzamento de FEDER debe ir destinado ao desenvolvemento urbano.

Respecto ás **condicións habilitantes**, redúcese o número de 35 a 20 e se fixan uns criterios máis claros par o seu cumprimento. Serán directamente aplicables durante todo o período, sen plans de acción obrigatorios, e serán condición para o reembolso para solicitude de pagos da UE relacionadas cos obxectivos de que se trate. Haberá unha reunión anual para a súa revisión. As catro condicións de carácter horizontal refírense a: contratación pública, axuda estatal, Carta dos Dereitos Fundamentais, e persoas con discapacidade. As 16 de carácter temático refírense ás estratexias de especialización intelixente, ao marco político para a eficiencia enerxética e as enerxías renovables, aos plans nacionais sobre a auga e as augas residuais -marco de acción prioritaria para a conservación da natureza-, ao plan nacional/ rexional de banda ancha, ao plan de transporte, e ao marco político -mercado laboral, igualdade de xénero, educación, sanidade, inclusión social e redución da pobreza, integración da poboación xitana, etc.-.

Ten especial relevancia a **modernización da arquitectura do marco financeiro para o próximo período**, xa que a Comisión propón a simplificación e flexibilidade nos regulamentos a través de regulamentos máis cortos, a adaptación a novos retos e a inclusión de medidas de simplificación. Tamén propoñe un maior énfase no crecemento intelixente e transición verde, unha relación máis directa co Semestre Europeo, e unha política de cohesión obxectiva para todas as rexións na que o 75% irá destinado as rexións menos desenvoltas e en transición. Permanecen as tres categorías e o PIB segue a ser o criterio predominante pero axustado a realidade.

No relativo aos **programas**, o mais relevante é que se vai poder reprogramar ata o 5% da asignación inicial dunha prioridade (cun 3% de teito de orzamento total do programa) sen necesidade de decisión de adopción da Comisión nin de modificación do contrato de asociación. Os relatores adiantaron que os costes simplificados poden reducir costes a nivel rexional. Por outro lado, as novas disposicións sobre subvencionalidade proporcionan un marco máis flexible para responder a catástrofes naturais, ofrecen normas máis claras sobre a sustentabilidade dos proxectos e permite subvencionar o IVA das operacións inferiores a 5 millóns de euros. Non se aplicarán normas concretas sobre as operacións que xeren ingresos.

No tocante á simplificación da xestión e o control, inclúe opcións de costes simplificadas, costes unitarios, tarifas fixas, importes a tanto alzado, financiación non vinculada aos costes e asistencia técnica vinculada á aplicación ou fitos. Tamén inclúe un sistema máis proporcionado para os programas con un baixo índice de erro baseado na confianza nos

sistemas nacionais, sen sistema de auditoría, mostra de auditoría dun máximo de trinta operacións, un proceso máis simple para a aceptación das contas e claridade sobre o período de retención de documentos para os beneficiarios. Doutra banda, non haberá procedemento de designación, é dicir, no se designarán novos organismos intermedios, se manterán os existentes

Incentívase un maior uso dos instrumentos financeiros mediante a simplificación das avaliacións *ex ante*, a integración das normas de subvencións e de instrumentos financeiros, unhas normas máis simples sobre subvencionalidade, pagos e taxas de xestión, e ningún informe aparte. Inclúe tamén unha contribución voluntaria de ata o 5% de cada fondo ao novo instrumento de InvestEU. Estes instrumentos terán normas de InvestEU, pero obxectivos de cohesión. Ofrécese, ademais, apoio do [Instrumento de Apoio Técnico](#).

DEBATE

A normativa que regulará os novos fondos está aínda pendente de ser aprobada polos colexisladores comunitarios, así como o reparto interno dos recursos dentro de Estado.

Os representantes da Xunta expresaron a súa preocupación por unha posible perda de fondos malia descender de categoría de rexión. Preguntaron tamén por se haberá opción de cofinanciamento privado e se REACT-EU se aprobará antes de finais de ano.

Os participantes da Xunta tamén expresaron a súa preocupación pola complementariedade dos fondos, ao que os relatores contestaron aclarando o marco temporal de cada un dos programas: REACT-EU para a reactivación inmediata da economía (permite financiar capital circulante, apoiar os sistemas sanitarios e apoiar a sectores moi afectados como o turismo e a cultura); MRR para investir en reformas que axuden á recuperación a máis medio prazo (ata 2023) e os programas 21-27 para investimentos a longo prazo.

En relación coas condicións habilitantes, os relatores aclararon que o importante é ter uns obxectivos políticos claros para a execución dos fondos.

En definitiva, debe ser prioridade para España aproveitarse das oportunidades e organizar ben a xestión e complementariedade entre estes fondos